DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ASUNTO: Alegacións ao *ACORDO do 16 de xullo de 2026, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración da ampliación de superficie da concesión de explotación Serrabal, número 6073, situada nos concellos de Vedra e Boqueixón (A Coruña), promovida por Ferroglobe Ramsa Mining, S.A.* DOG Núm. 162. Xoves, 27 de agosto de 2026. Páx. 46838.

Dona/Don _____ con DNI. núm. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia_____, teléfono _____.

EXPÓN: Á vista do mencionado ACORDO do 16 de xullo de 2026, do Departamento Territorial da Coruña, por medio deste escrito, presenta as seguintes **ALEGACIÓNS:**

O Estudo de Impacto Ambiental (EIA) carece dunha avaliación rigorosa dos impactos ambientais da mina Serrabal na saúde pública, na seguridade da vía ferroviaria, nas augas e terras da cunca fluvial do río Ulla, no patrimonio cultural, no medio socioeconómico local e na calidade de vida das persoas que viven nas poboacións próximas, incumprindo o art. 35 da *Lei 21/2013*.

A mina Serrabal ten impactos ambientais severos na poboación da contorna inmediata. Hai aldeas con casas a 340 m da mina en Santardao (Vedra), a 350 m en A Raíña (Boqueixón), a 370 m en Caldelas (Vedra), a 500 m en Orto (Boqueixón), a 530 m en O Outeiro (Vedra) ou a 750 metros en Reboredo (Boqueixón), entre outras moitas aldeas próximas como son Reboredo, Granxa, Ardilleiro Grande, Ardilleiro Pequeno, A Eirexe, Maravexás, Casalbieito, Santaia, Casaldesuso, Ardesende, Donas, Castro, Ponte Ulla, O Castro, O Pumariño, Eiravedra, A Famelga, O Outeiro e un longo etcétera, que sofren impactos ambientais severos.
A voadura, a trituración e o transporte de cuarzo da mina Serrabal xeran un po extremadamente fino, formado por sílice cristalina en forma de po respirable, que produce silicose, cancro de pulmón ou obstrución pulmonar crónica. A mina tamén emite substancias altamente tóxicas asociadas aos filóns de cuarzo, que cando entran en contacto coa auga e o osíxeno xeran drenaxe ácida, liberando arsénico, mercurio, cadmio ou chumbo. Ademais, no procesamento do cuarzo empréganse axentes químicos de lixiviación ácida con ácido clorhídrico (HCl) ou con ácido fluorhídrico (HF) para obter sílice de alta pureza. Estes produtos químicos son moi perigosos para a saúde, pois na mina prodúcense filtracións que chegan aos ríos e aos acuíferos, evapóranse e escorren augas con susbstancias tóxicas. As augas de chuvia tamén se contaminan e escorren envelenando augas e terras, para entrar finalmente na cadea alimentaria, bioacumularse e provocar graves enfermidades.

Impactos severos en elementos dun importante patrimonio cultural na contorna inmediata que rodea á mina Serrabal: a Área de Especial Interese Paisaxístico O Pico Sacro (que ten incoado un procedemento para ser declarado BIC), o Lugar de Interese Xeolóxico Filón de cuarzo do Pico Sacro (recoñecido polo IGME), o Camiño de Santiago – Vía da Prata. Na parroquia de San Lourenzo da Granxa atopamos as mámoas da Cruz, da Granxa e da Costa, na parroquia de San Lourenzo da Granxa ou de Tras da Agra, no límite coa parroquia de San Breixo de Sergude. A mámoa de Augalevada e as mámoas das Peniñas están na parroquia de San Vicente de Boqueixón. Na contigua parroquia de Santa María de Lestedo atópase a medorra do Castro e a necrópole das mámoas Milleirós, tamén chamadas mámoas Volta, do Fondego e do Xestal. Ou as mámoas de Penas Pardas e a Quenlla das Medas, en San Pedro de Vilanova, en Vedra, entre outras.
Documéntanse varios castros da Idade de Ferro nos concellos veciños, como o castro de Boqueixón, o castro de Socastro e o castro de Marzán, estes dous últimos en Vedra, por citar os máis próximos ao Pico Sacro.

O EIA, ao estar datado en marzo de 2026, carece da avaliación dun feito sobrevido posteriormente que é da máxima relevancia: A Resolución do 11 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, baseándose nun informe técnico do INCIPIT-CSIC, pola que se inicia o procedemento para a declaración do Conxunto Simbólico de O Pico Sacro como Ben Cultural de Patrimonio Inmaterial. Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 160. Xoves, 2 de xullo de 2026. Sec. III. Páxina 92014. Polo tanto, eesulta imprescindible actualizar a valoración do EIA, identificando expresamente os novos servizos culturais e valores inmateriales agora suxeitos a protección pola Administración.

Afección severa ao Camiño de Santiago

No cruzamento de Castrelo, na parroquia de Lestedo (Boqueixón), converxen as seguintes rutas de peregrinación: a Vía da Prata –tamén coñecida como Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe– e o Camiño de Inverno, que cruzan a Ponte Ulla, e o Camiño Miñoto-Ribeiro, que cruza o río Ulla pola Ponte de Sarandón. Desde aquí, unha única ruta percorre terras de Boqueixón, pasando por Ardarís, Cusanca, Lestedo e A Picota ata chegar á Ponte de Busacos, que marca o límite entre os concellos de Vedra e Boqueixón. Continúa por terras de Vedra, na parroquia de San Fins de Sales, ata A Gándara, onde se descubriu un miliario romano en 1867. Este cruceiro de Castrelo demostra a antigüidade dos dous camiños reais utilizados non só polas persoas que peregrinaban a Santiago, senón tamén polos arrieiros e a comunidade veciñal das distintas vilas próximas.

Avaliación moi deficiente do grave risco de alteración química das augas e da drenaxe ácida de mina

O EIA non analiza os impactos ambientais sinérxicos e acumulativos na cunca fluvial do río Ulla na fase de explotación nin despois ao restaurar o oco ou ocos que deixe a mina.

Non avalía a contaminación como consecuencia do contacto da auga e do aire cos materiais xeolóxicos, substancias tóxicas liberadas, axentes químicos utilizados e cos estériles da explotación.

O EIA baséase nos datos sobre a calidade do aire obtidos no ano 2022 na estacion Santiago – Campus, lonxe das aldeas que están arredor da mina. Carece de todo rigor o EIA ao non ter analizadas mostras do aire que respiran as persoas que viven nos lugares e parroquias mais próximas á mina, para que non se superen os límites establecidos dos contaminantes e das partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$.

A proximidade da mina á Rede Natura 2000 afecta severamente á súa coherencia e conectividade ecolóxica. No Estudo de Impacto e Integración Paisaxística dise que a ZEC Ulla-Deza está a 0,7 km.

A vía ferroviaria da AVE, situada a 100 metros, está na zona de control de vibracións. Non obstante, falta no EIA un estudo específico sobre as vibracións que afectan á seguridade da infraestrutura ferroviaria nesa zona.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

- Que se denegue toda autorización para o proxecto de explotación e que se rexeite o Estudo de Impacto Ambiental.

- Que se formule Declaración de Impacto Ambiental (DIA) DESFAVORABLE e se denegue a ampliación da superficie da concesión de explotación Serrabal, número 6073, situada nos concellos de Vedra e Boqueixón (A Coruña), promovida por Ferroglobe Ramsa Mining, S.A.

..., a ... de .... de 2.026